

DONA MERCEDES GONZALEZ BUDIÑO, SECRETARIA INTERVENTORA DO  
CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.

CERTIFICA.:

QUE A XUNTA DE GOBERNO NA SÚA SESIÓN DE DATA VINTENOVE DE  
NOVEMBRO DO DOUS MIL DEZASETE, ADOPTÓU, ENTRE OUTROS O SEGUINTE

ACORDO.:

C)ADXUDICACIÓN OBRA : REFORZO CAPA RODADURA NO CAMIÑO RURAL DE  
SAN ANTONIÑO EN CAMPO LAMEIRO.

Visto que mediante Providencia de Alcaldía de data 10-11-017, foi acreditada a necesidade deste  
Concello de contratar a obra de REFORZO CAPA RODADURA NO CAMIÑO RURAL DE  
SAN ANTONIÑO EN CAMPO LAMEIRO. cuxo prezo ascendería á cantidade de 18.496,10 €.

Visto que con data 13-11-2017, foi emitido informe de Intervención, no que se acreditaba a  
existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do  
contrato; e foi emitido informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos  
recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para  
contratar.

Visto que en sesión de Xunta de Goberno de data 13-11-2017 se aprobou o expediente de  
contratación, autorización do gasto, aprobación dos pregos de condicións, prazo de execución, e  
se nomeou o Director das obras.

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno de data 13-11-2017, se acordou invitadas a  
participar a catro empresas, a saber.:

--NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU.

--CONSTRUCCIONES VALE S.L.

--COVSA S.A.

--ORESA S.L.

Visto que se presentaron 4 ofertas segundo certificación de secretaría de data 27-11-2017.

Visto o informe elaborado por LUIS VILAR MONTORO, de data 29-11-2017, sobre valoración  
das ofertas presentadas.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade  
co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do  
Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro,  
a XUNTA DE GOBERNO, por unanimidade, acorda:

1º.- Adxudicar as obras relativas a REFORZO CAPA RODADURA NO CAMIÑO RURAL DE  
SAN ANTONIÑO EN CAMPO LAMEIRO, mediante o procedemento do contrato menor de  
obras, á empresa COVSA S.A. (oferta económica 18.496,10 € (ive incluído). e melloras de.:

558 m2 de firme de vial totalmente rematados.-

2º.-O Contratista deberá presentar toda a documentación que consta no prego de condicións (xa  
que a documentación administrativa foi presentada mediante unha declaración xurada).-

3º.-Antes da sinatura do contrato deberá a Empresa depositar aval polo importe do 5% da  
adxudicación do contrato.

4º.-A Empresa adxudicataria farase cargo da taxa polos servizos facultativos que se presten na  
obra, segundo ordenanza aprobada por este Concello. (Publicada no BOP nº 30 de data  
13-02-2015).

5º.-Deberá en todo momento cumprir co estipulado nos pregos de condicións administrativas da  
obra, que formarán parte do contrato.

6º.-Aprobar o gasto correspondente á adxudicación da execución da obra con cargo á aplicación  
450.61902 do vixente Orzamento.

7º.- Prazo de execución de UN MES.

8º.-Unha vez realizada a obra, incorpórese a certificación-factura e tramítese o pago se procede.

JULIO G.SAYANS BUGALLO (1 para 2)

ALCALDE

Data de Sinatura: 01/12/2017  
HASH: bec113cd59b0e5ec6286bf102664e411



MERCEDES GONZALEZ BUDIÑO (2 para 2)

SECRETARIA INTERVENTORA

Data de Sinatura: 01/12/2017  
HASH: 1d50fe1166f4bde03c8a8a9d687eeb5169



Cod. Validación: 3FZ4ZK698DAK7CN5T47RPZF5W | Corrección: http://campolameiro.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

9º.- Notificar a resolución aos adxudicatarios no prazo de dez días a partir da data da sinatura da Resolución.

E para que conste, expido a presente co visto e praxe do Sr. Alcalde.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.



Cod. Validación: 3RZ4ZK69RDAK7ON5T47R9ZFSWJ | Corrección: <http://campolameiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2